



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E ECOS DO SUR, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE MULLERES INMIGRANTES RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E o artigo 7.2 da Lei galega 11/2007 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

(2) Antecedentes:.

No marco dos fondos finalistas asignados á CCAA de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2018 (BOE do 8/11/2018) encádrase o convenio de colaboración con Ecos do Sur, entidade inscrita no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais que ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 4 de decembro de 2018 formalizouse coa entidade Ecos do Sur o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da





Secretaría Xeral da Igualdade, a entidade Ecos do Sur, para o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención que contribúan á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O artigo 3 da antedita Lei 11/2007 considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, calquera que fose a relación que une a vítima co agresor e o medio utilizado. A mesma Lei dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Os datos que recollen os informes e estudos oficiais existentes, indican que a incidencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual afecta nun 99% a mulleres e nenas (outra forma de violencia de xénero), e entre elas, a gran maioría pertencente ao colectivo de inmigrantes.

En Galicia existe a Rede galega contra a Trata, entidade integrada por ONGs que traballan para dar a coñecer o delito da trata de Persoas en Galicia, un fenómeno oculto e invisibilizado aínda na nosa comunidade, á vez que colabora na identificación das súas vítimas. O seu labor levou á Rede galega contra a Trata, a ser galardoada no ano 2015 coa Medalla Castelao, coa que a Administración autonómica distingue a persoas ou entidades merecedoras do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade.

Ecos do Sur é unha das entidades que integra a Rede galega contra a Trata, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. Desenvolve en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa desta vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Coa sinatura deste convenio de colaboración trátase de impulsar accións de información, prevención e sensibilización que se amosan de enorme importancia na prevención da violencia de xénero entre a poboación inmigrante.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención e sensibilización dirixida a mulleres inmigrantes, vítimas de violencia de xénero, a través de entidades que contan con profesionais con formación e experiencia específica nesta materia, como é o caso das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, entre as que se atopa Ecos do Sur.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.1

Contía total: 3.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

